

**IMOS A
EUROPA,
VÉS?**

**CON GALIZA,
OUTRA IDEA DE EUROPA !**



**ELECCIÓN
EUROPEAS 2009 /**

**PROGRAMA
ELECTORAL**

INDICE

1. A PRESENZA DO BNG NA UNIÓN EUROPEA.....	4
2. A ALTERNATIVA DO BNG AO MODELO EUROPEO.....	4
3. GALIZA, UNHA NACIÓN EUROPEA.....	5
4. POR UN NOVO MODELO ECONÓMICO E SOCIAL ANTE A CRISE DA UE NEOLIBERAL....	6
5. A DEFENSA DOS SECTORES PRODUTIVOS ANTE A UE.....	9
5.1. INDUSTRIA	
5.2. POLÍTICA AGRARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL	
5.3. O SECTOR PESQUEIRO	
5.4. POLÍTICA TECNOLÓXICA E FONDOS EUROPEOS	
6. A DEFENSA DOS DEREITOS DEMOCRÁTICOS E AS LIBERDADES PÚBLICAS.....	12
7. A APOSTA POR OUTRO MODELO DE COHESIÓN TERRITORIAL, MEDIO AMBIENTAL E ENERXÉTICO.....	13
7.1. COHESIÓN TERRITORIAL .	
7.2. MEDIO AMBIENTE E ENERXÍA	
8. UNHA POLÍTICA INTERNACIONAL MULTILATERAL E SOLIDARIA.....	14

1. A PRESENZA DO BNG NA UNIÓN EUROPEA

As eleccións ao Parlamento Europeo de xuño de 2009 celébranse nun contexto de profunda crise económica, tanto do sector financeiro como dos sectores produtivos e do emprego. A fonda crise esta afectando gravemente a traballadores e traballadoras, a grandes capas de autónomos e pequeno e mediano empresariado, limitando as expectativas das xeracións máis novas. A necesidade dunha Europa comprometida coa superación da situación actual a través de reformas estruturais no actual sistema económico e social é a clave de bóveda. O BNG como forza comprometida co pobo galego considera prioritario a presenza de Galiza alí onde se van tomar decisións fundamentais para o futuro do noso país.

Mesmo sabendo que o Parlamento Europeo ten competencias limitadas en moitas materias, o certo é que estas foron aumentando e, cada vez máis, as decisións do Parlamento Europeo son decisivas na orientación das políticas relativas aos grandes temas que afectan a toda a Unión Europea e pode condicionar a política da Comisión Europea e a dos Estados membros.

A representación de Galiza con voz propia en institucións de calquera ámbito é irrenunciábel para o nacionalismo galego e beneficiosa para o conxunto da sociedade galega. É a única garantía da existencia política de Galiza en Europa como pobo diferenciado.

A condición do BNG como forza política propia de Galiza, como expresión política da súa condición nacional, converte en obriga dotar ao noso país de representación nas institucións europeas. Así, apostamos por concorrer neste proceso electoral en coalición con outras forzas políticas coas que o noso proxecto partilla, sen mimetismos, algúns principios e valores comúns; entendendo tamén que a coalición electoral non esgota as fórmulas de relación política e de colaboración institucional do BNG con outras forzas nos ámbitos estatal, europeo e mundial.

2. A ALTERNATIVA DO BNG AO MODELO EUROPEO

O proceso iniciado no cumio de Maastricht, e que tivo a continuación nos Tratados posteriores, afonda no deseño dunha Unión Europea de marcado carácter neoliberal. O “Tratado de Lisboa” fixa competencias nos diferentes sectores da actividade económica que socavan a capacidade de planificar ou intervir na economía polas diferentes nacións ou Estados, ao tempo, non recoñece a diversidade nacional, lingüística e cultural da UE.

O proceso de construción europea nos últimos anos amosou o empeño dos grandes Estados en levar até as últimas consecuencias o modelo mercantilista, mesmo violando as regras de xogo establecidas. O obxectivo xustificou, mais unha vez, os medios. Despois do fracaso do Tratado Constitucional, co “non” de Francia e Holanda, a UE tentou camuflar a reforma prevista a través do Tratado de Lisboa, unha manobra en toda regra que non impediu que volvese a ser rexeitado, desta vez polo pobo irlandés. Estes feitos demostran a profunda crise do proceso de construción, e evidencian a ausencia de vontade por cambiar o rumbo dun modelo que non fai máis que afondar na faciana negativa dunha unión que só ten vixencia desde o plano económico, e en contextos de bonanza.

Cada paso dado de maneira decidida na construción europea reincidente en que o cerne é o mercado único, a globalización económica da rexión, a moeda única. O afán monetarista está a degradar progresivamente, onde o había, o Estado de benestar, e mesmo no contexto de crise do seu propio sistema, segue a favorecer ás minorías oligárquicas e a provocar máis desigualdade e menos cohesión social, en especial nos territorios periféricos.

Desde o BNG temos claro que a parálise institucional provocada polo rexeitamento irlandés abre a posibilidade de apostar pola defensa dun cambio de rumbo para reconducir a UE cara a unha verdadeira Europa social e dos pobos. Por isto é importante aproveitar a oportunidade que se presenta nestas circunstancias para avanzar. Este é o momen-

to de que o nacionalismo galego defenda sen complexos outro modelo europeo que poida encetar unha nova era de prosperidade para Galiza e para os pobos de Europa.

O balance dese modelo de integración foi globalmente negativo para Galiza. É certo que percibimos unha cantidade non desprezábel de Fondos estruturais pero, en cambio recibimos moi pouco doutros Fondos e, sobre todo, as políticas restritivas de moitas actividades minaron o noso tecido produtivo, tanto no sector primario coma no industrial. Fronte á propaganda, o certo é que do total de recursos comunitarios destinados a España, entre 1986 e 2006, a porcentaxe para Galiza non pasou do 6%, inferior ao seu peso poboacional, mentres se destruíron e reduciron sectores básicos e estratéxicos da súa economía, se avellentou a súa poboación, perdeu peso demográfico no conxunto do Estado e continuou a sufrir emigración.

No BNG sabemos que na Galiza son maioría os cidadáns e cidadás que, sen renunciaren a seren europeos e europeas, queren que a Unión Europea signifique algo máis que reconversión industrial, desmantelamento do sector primario, limitacións da produción agraria e gandeira, recortes pesqueiros e apoio ás transnacionais, ou desregulación laboral e financeira. Así, o BNG, desde as institucións europeas, baseará as súas propostas a respecto do modelo de construción nos seguintes alicerces:

- A defensa dun modelo de construción europea alternativo ao que contempla o Tratado de Lisboa, baseado na Europa dos pobos, social e democrática.
- A aposta por unha arquitectura institucional que fortaleza a capacidade de control e impulso do Parlamento Europeo en relación coa Comisión e o Consello europeos, con capacidade lexislativa en todas as materias, respectando as competencias dos Parlamentos nacionais, entre eles o Parlamento de Galiza, incrementando a transparencia na toma de decisións, e corrixindo o déficit democrático existente nas institucións da Unión Europea. As eleccións europeas teñen como obxectivo a configuración do Parlamento, e xa que logo, debe ser esta institución a que lexitimamente adopte as decisións transcendentales para o conxunto da Unión.
- A defensa dunha política internacional de paz e de respecto aos dereitos humanos e á soberanía dos pobos.
- A aposta por instaurar unhas relacións económicas mundiais máis xustas, a partir do dereito de todos os pobos a un desenvolvemento económico autocentrado e sustentábel.
- O impulso dunha Europa que avance nos dereitos e liberdades.
- O avance no recoñecemento da diversidade. O BNG defende abrir o proceso que nos leve a unha Europa que recoñeza a súa diversidade nacional, cultural e lingüística.
- A aposta por unha Europa que abandone a obsesión mercantilista e desreguladora en favor do benestar social e económico, a cohesión social, territorial, o respecto ao medio ambiente, a igualdade entre homes e mulleres e o pleno emprego.

3. GALIZA, UNHA NACIÓN EUROPEA

O recoñecemento da nosa condición de nación nun Estado español plurinacional, pluricultural e plurilingüe está moi relacionado co mesmo recoñecemento no contexto dunha Europa cuxo proceso de articulación e unión debe basearse na vertebración das diversas nacións e culturas integradas nela. Non se pode entender Europa sen a diversidade de nacións, culturas e linguas que a conforman. Así, o camiño do BNG no Parlamento Europeo terá como meta o recoñecemento político e institucional de Galiza como nación.

En consonancia con todo isto, o BNG defenderá:

- O pleno recoñecemento político e a identidade cultural e lingüística de Galiza, así como das outras nacións e pobos de Europa.
- A reforma da lei electoral para que Galiza sexa recoñecida como circunscrición electoral.
- O recoñecemento da lingua galega como oficial na UE, en especial para seu uso no Parlamento Europeo, e a súa

consideración como prescritiva para todos os Estados membros da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

- O establecemento de mecanismos de consulta previa ao parlamento e goberno galego, sempre que se trate ou delibere sobre materias que afecten ao seu ámbito competencial.
- A toma de posicións ante calquera proposta da Comisión Europea para a súa defensa en todas as áreas nas Comisións do Parlamento Europeo, en colaboración con outras forzas políticas nacionalistas alí representadas.
- A participación de Galiza, nas delegacións do Estado, cando as institucións e organismos da UE traten cuestións relativas ao ámbito competencial da nosa nación.
- A participación, xestión e control do goberno galego nos procesos de elaboración e aprobación de planos, programas e instrumentos de financiamento estrutural comunitarios, para que o propio goberno galego poida ser receptor directo dos fondos comunitarios que se xestionaren no ámbito das súas competencias.
- O dereito de intervención de Galiza perante o Tribunal de Xustiza da Unión cando os nosos intereses e competencias se visen afectados por decisións adoptadas polas institucións europeas ou polos estados membros.

Só nunha Europa dos pobos, máis próxima á cidadanía, máis transparente, democrática, respectuosa con todas as minorías nacionais, étnicas e relixiosas, será onde se recoñezan os dereitos de Galiza como nación.

Con este obxectivo, o BNG defenderá as seguintes medidas:

- Apostar por unha Europa democrática, en tanto que plural e diversa, que sitúe aos pobos no centro da súa construción e que recoñece o status político das nacións que a integran e que garanta a igualdade. A Unión Europea dos Pobos e das Nacións sen Estado. Ao tempo, defender o dereito colectivo dos pobos europeos á súa soberanía no proceso de autodeterminación correspondente.
- Propugnar a democratización real das institucións europeas, nomeadamente do Consello de Ministros e da Comisión Europea, máis transparencia na toma de decisións e maior nivel de participación, apostando por un Parlamento Europeo con maiores competencias no control da Comisión e do Consello de Ministros, dándolle maiores e capacidades legislativas en máis eidos, sempre que non supoñan invasións competenciais, e polo tanto se respecten as competencias dos Parlamentos dos Estados e Nacións sen Estado.

4. POR UN NOVO MODELO ECONÓMICO E SOCIAL ANTE A CRISE DA UE NEOLIBERAL

O modelo económico implantado pola UE nestas últimas décadas tivo como fío condutor o avance na liberalización dos mercados, a desregulación das actividades económicas e financeiras e na privatización de empresas e servizos públicos; desmantelando progresivamente a protección social e os servizos públicos, apostando por un deseño económico e social ao servizo dos poderosos “lobbies” económicos europeos e das empresas transnacionais. O Tratado de Lisboa supón un paso mais neste sentido:

- Insiste na aplicación dogmática do Pacto de Estabilidade, poñendo un corsé mecánico e absurdo á acción do sector público.
- Con respecto á política monetaria ampliáanse as competencias do Banco Central Europeo (BCE), que non rende contas diante de ningún órgano democrático.
- Supón un ataque aos dereitos laborais. Así a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea pon en cuestión a negociación colectiva ou a limitación horaria da xornada laboral, e habilita para o despedimento sen causa xusta.
- Fixa competencias exclusivas ou compartidas cos Estados nos diferentes sectores da actividade económica, como o establecemento das regras de competencia necesarias ao funcionamento do mercado interno, o que vai socavar a capacidade de planificar ou intervir na economía das diferentes nacións ou estados.
- Elimina o concepto de “servizo público”, de servizos esenciais, para substituílo polo de “servizo de interese econó-

mico xeral”. Non se trata dun eufemismo, senón dunha modificación substancial que implica o desprazamento do público cara o privado.

Deste xeito, a UE converteuse na vangarda europea á hora de impulsar políticas guiadas polo dogma neoliberal e contrarias ás maiorías sociais. Incluso a propia UE é utilizada por parte dos Estados Membros para aprobar medidas antisociais e impopulares, que non ousan aprobar nos seus Estados. Son moitos os exemplos que o confirman:

- A aprobación da “Directiva Bolkenstein” ou “Directiva de Servizos”, que propugna unha forte liberalización e desregulación dos servizos, reducindo drasticamente moitas garantías e a protección dos dereitos dos cidadáns e dos consumidores; limitando fortemente a capacidade reguladora dos Estados e das Comunidades Autónomas sobre todas as actividades terciarias. Nese sentido, o Goberno Español está a propoñer unha transposición desa directiva nun sentido aínda máis liberalizador e recortando aínda máis as competencias das CCAA en materias tan importantes como o comercio e outros servizos.
- Incorporárase o concepto de competitividade como elemento central para deseñar as políticas sociais e laborais, poñendo nun segundo plano os tradicionais criterios de protección social e equidade.
- A aprobación da “Directiva de retorno de inmigrantes” a chamada directiva da vergoña, pola cal os/as inmigrantes “sen papeis” poderían pasar até 18 meses retidos en centros de internamento mentres se tramita a súa expulsión.
- Por outra parte, a filosofía e aplicación das anteriores medidas tórnase contraria a unha estratexia de avance cara unha igualdade real entre homes e mulleres, en canto impide de facto que se poden aplicar políticas encamiñadas a acadar unha participación igualitaria das mulleres no ámbito laboral -ao precarizarse aínda máis as condicións de traballo- ou a avanzar nos dereitos de conciliación da vida laboral e familiar.
- A imposición dun modelo universitario enmarcado no Plano Boloña, nunha liña de uniformización cultural e de mercantilización do ensino, cuestionando o dereito universal ao ensino público.

A filosofía, o espírito e a política seguida pola UE nos últimos anos pode resumirse nunha acción: o intento de aprobar unha infame “Directiva de Tempo de Traballo” pola cal se ampliaba a xornada laboral até as 65 horas semanais, iniciativa que foi rexeitada no Parlamento Europeo pola unión entre forzas progresistas que son as únicas que garanten impedir este avance sen ética e devastador dos dereitos sociais e sindicais adquiridos e gañados despois de moitas loitas en Europa. Polo tanto, tamén neste, a presenza do nacionalismo galego na cámara europea é clave.

A profunda crise económica estrutural que padecemos é a demostración do fracaso estrepitoso destas políticas económicas ultraliberales, que inspiraron a construción da Unión Europea e a harmonización das políticas económicas e sociais dos Estados Membros. Por iso, esta crise do neoliberalismo económico significa tamén a crise do modelo de integración económica e monetaria auspiciado pola Unión Europea nas últimas décadas.

A “independencia” do Banco Central Europeo a respecto do poder político e a súa incapacidade para adoptar decisións acordadas aos intereses das maiorías sociais, a rotura “de facto” do dogma contemplado no Pacto de Estabilidade que consagraba un máximo de déficit público do 3%, ou a incapacidade da Unión Europea de artellar conxuntamente as medidas ante a crise propostas no Cumio do G-20 de Washington, nomeadamente a relativa ao desenvolvemento de ambiciosos programas de investimento público, son claras mostras deste fracaso. Como tamén fracaso foi o Consello Europeo do 19 e 20 de Marzo deste 2009, onde a alarmante incapacidade para adoptar acordos de calado para facer fronte á crise económica e o chamamento a retornar ao dogma do déficit cero evidencian o esgotamento do modelo que se está seguindo para construír e gobernar Europa.

É necesario velar, agora máis que nunca, por fortalecer o Estado do benestar como un elemento identificador da UE e garantir uns mínimos comúns de xustiza social. Fai falla garantir, igualmente, a igualdade de oportunidades. Toca pois, impulsar decididamente un cambio no modelo económico actualmente vixente que abandone dunha vez por todas os modelos especulativos, e que derive cara un novo paradigma de crecemento sostíbel baseado nun desenvolvemento económico non especulativo, equilibrado territorialmente, socialmente igualitario, priorizando o coñecemento e a investigación. Polo tanto, o BNG impulsará no Parlamento Europeo as seguintes orientacións estratéxicas en materia económica:

- O BNG manterá unha posición crítica co actual modelo de construción económica e social da UE, estruturada como unha unión económica ao redor dun núcleo integrado polo mercado e moeda únicos, e que responde unicamente á política do capital transnacional.
- O BNG defenderá, como modelo de superación da crise económica, un modelo dirixido ás maiorías sociais baseado no avance do benestar e a xustiza social, no desenvolvemento sustentábel e autocentrado dos pobos, un modelo no que o poder económico se subordine ao poder político.
- O BNG esixirá enterrar dogmas e vellos receitas e aplicar novas respostas ante unha crise sistémica. O BNG impulsará a recuperación da misión reguladora e estabilizadora dos poderes públicos na actividade económica, e que a intervención pública no seo da UE garanta que os seus beneficiarios principais sexan as familias, os traballadores e traballadoras, o campesiñado e as pequenas e medianas empresas.

Acorde a estas orientacións, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Apostar pola implantación dun modelo económico e social baseado no desenvolvemento sustentábel e no cumprimento dos compromisos asumidos pola UE no contexto do Protocolo de Kyoto.
- Diseñar de ambiciosos programas marco de investimento, que ao tempo de xerar emprego e estimular a demanda, reorienten o modelo produtivo cara a actividades intensivas en coñecemento e reduzan a dependencia enerxética.
- Impulsar a progresividade dos impostos, nomeadamente no deseño dun marco do IVE que permita a redución de tipos en produtos de primeira necesidade.
- Erradicación dos paraísos fiscais e impulso a gravames sobre as transaccións financeiras.
- Redefinir o Banco Central Europeo, de xeito que se someta ao control público e se reoriente a súa política monetaria.
- Orientar a política do Banco Europeo de Investimentos de xeito prioritario a proxectos dirixidos a mellorar o benestar social e á cohesión territorial.
- O establecemento dunha estratexia de fomento do emprego non precarizado, con especial atención para a mocidade, e de directrices en materia laboral que impulsen a estabilidade no emprego e condicións laborais dignas, impedindo o “dumping” social.
- O desenvolvemento de medidas que garantan o poder adquisitivo dos salarios, así como o fortalecemento dun amplo sistema de protección social de carácter público que garanta o máximo de coberturas: pensións, subsidios por desemprego, etc.
- O establecemento dun maior control sobre a sinistralidade laboral, avanzando en normas e medidas en materia de prevención de riscos laborais.
- A superación das limitacións con respecto á incursión en déficit nas contas públicas contempladas no “Pacto de Estabilidade”.
- A esixencia da derogación da “Directiva dos Servizos”, e a aposta clara pola consideración do carácter público de servizos fundamentais para a cidadanía, como a educación, a sanidade, os servizos sociais, etc. Neste eido, tamén defenderemos a derogación de Directivas como a 2006/115/CE, que establece o “canon bibliotecario”.
- A introdución de regulacións dirixidas a desterrar prácticas comerciais abusivas, así como a controlar as marxes comerciais dos distintos elos da cadea para evitar a especulación desmedida en produtos e bens básicos para as persoas, especialmente no eido da alimentación.
- Impulso a unha nova regulación financeira que elimine a opacidade dos mercados, a enxeñería financeira e todos os paraísos fiscais existentes en territorio europeo, territorios de soberanía europea e pular pola súa desaparición no resto do mundo. Pular pola recuperación do papel da banca pública e unha rigorosa intervención a fin de evitar as burbullas especulativas e o racionamento de crédito á actividades produtivas.
- Regulación do sector aéreo para impedir os abusos das compañías aéreas sobre os usuarios e, en particular, impedir as tarifas abusivas nos traxectos onde existe pouca competencia.
- Recoñecemento pleno do dereito da poboación, e nomeadamente da mocidade, a traballar, estudar e vivir no seu propio territorio, como principio reitor para facer fronte ao fenómeno da emigración xuvenil, mudando a actual consideración positiva da mobilidade xeográfica -emigración encuberta- no seo da UE.
- Unha política universitaria baseada na visión da universidade como un servizo público esencial e no dereito como pobo a definirmos o noso sistema educativo en función das nosas condicións e necesidades, que garanta a igualdade de oportunidades no acceso de todas as mozas e mozos da UE a estudos de grao e postgrao sen discriminación

por criterios económicos. Isto é, unha política antagónica á mercantilización, elitización, uniformización e españolaización da universidade que supón o actual modelo auspiciado pola Declaración de Boloña.

5. A DEFENSA DOS SECTORES PRODUTIVOS ANTE A UE

O nacionalismo galego seguirá a defender ante a Unión Europea o dereito a vivir e a producir na propia terra. As decisións que se adoptan en Bruxelas e que contaron cos avais dos distintos gobernos Estatais, puxeron trabas que interferiron neste dereito. Galiza é un país con enormes potencialidades de desenvolvemento económico, que se realizarán conforme vaia acadando maior poder político propio, a través da súa representación máis xenuína, a nacionalista. O BNG entende a súa acción no ámbito europeo precisamente nesa dirección, no da defensa dos intereses materiais da nosa nación.

5.1. Industria

A Unión Europea non conta cunha política industrial común activa, mais intervén a través de diversas vías, mediante políticas de desregulación dos mercados -como as referentes aos sectores eléctrico e gasístico-, impulso á privatización do sector público empresarial ou de limitación das axudas concedidas polos Estados ás empresas, en especial, ás empresas públicas.

A política industrial da UE non tende a compensar as desvantaxes iniciais de determinados territorios como o galego, tendo un carácter máis negativo en canto que son os Estados máis ricos os que apoian máis fortemente a súa industria.

Neste marco, Galiza viuse ademais gravemente agredida por políticas de reestruturación industrial, aplicadas de forma desproporcionada no seu territorio, que provocaron un proceso de desmantelamento ou declive industrial en ramos básicos da súa economía, cun fortísimo custe en termos sociais e de capacidade produtiva. Así ten ocorrido na conserva de peixe, a siderurxia, os fertilizantes e especialmente no sector naval, onde a UE segue a manter o veto sobre o estaleiro de Navantia en Fene para que poida dedicarse á construción naval civil.

Partindo da consideración do sector industrial como prioritario para o desenvolvemento da economía galega e para a creación de emprego, o BNG levará adiante nas institucións europeas accións encamiñadas á promoción dos sectores industriais galegos e o seu desenvolvemento: construción naval, industria da pesca, industria láctea, automóbil, téxtil, sector farmacéutico, conservas de peixe, etc., e tamén das novas industrias vinculadas á cultura, ás comunicacións, á tecnoloxía e ao coñecemento científico; así como á defensa dos intereses galegos perante as implicacións das regulacións comunitarias. Así, o BNG exercerá nas institucións da Unión Europea:

- A defensa da industria galega perante as medidas da UE que afectan ao sector industrial: a oposición e denuncia dos planos de reestruturación consensuados pola Comisión Europea co Estado español que poidan lesionar a capacidade industrial galega.
- Impulsar o levantamento do veto que establece a UE para o estaleiro de Fene, recuperándoo para a construción naval civil.
- A oposición ao fomento da mobilidade laboral como ideoloxía xustificadora da nova emigración de profesionais e técnicos/as formados/as nos países en desenvolvemento como Galiza.
- Condicionamento das axudas públicas ao tecido produtivo, nomeadamente as comunitarias, ao cumprimento por parte das empresas receptoras de obrigas como a protección do emprego ou o desenvolvemento dos territorios en que se asenten.
- Desenvolvemento de software non privativo e promoción dunha regulación europea e internacional de protección do software alternativa á concesión de patentes.

5.2. Política agraria e desenvolvemento rural

As recentes reformas da PAC veñen abandonando progresivamente as facultades de os poderes públicos interviren nos mercados alimentarios como garantía de estabilidade para o sector primario e tamén de seguridade e calidade das producións perante o consumidor final.

A actuación do BNG no Parlamento Europeo reivindicará unha posición activa no ámbito comunitario para regular desde a esfera pública o funcionamento dos mercados de alimentos, en especial aqueles de carácter básico para a poboación, de xeito que se garanta a estabilidade nas rendas e mercados alimentarios. Así mesmo, o BNG impulsará que a PAC actúe como mecanismo de apoio directo ás rendas dos agricultores e agricultoras. Con estes obxectivos estratéxicos, proporemos as seguintes medidas:

- Garantir os recursos económicos suficientes para manter unha PAC que permita soste o noso modelo de agricultura e responder ás demandas da sociedade galega e do conxunto de nacións de UE.
- Promover unha PAC que contribúa a corrixir os desequilibrios existentes no reparto das axudas aos profesionais do sector agrario e que potencie a calidade dos alimentos, a protección do medio ambiente e as funcións sociais e territoriais da actividade agraria. Neste sentido apoiaremos:
 - Unha redistribución das axudas directas á renda dos produtores que teña en conta criterios sociais como o emprego xerado; a tipoloxía das explotacións, favorecendo as de base familiar, asociativa ou cooperativa, así como aquelas situadas en zonas desfavorecidas; o desenvolvemento de sistemas produtivos baseados nos recursos propios; a potenciación dunha agricultura sustentábel baseada no fomento de métodos de produción compatíbeis coa protección do medio ambiente e coa conservación da biodiversidade.
 - Mantemento do máximo grao de vinculación entre a actividade agraria e o cobro de axudas directas da PAC.
 - Incremento de recursos orzamentarios para axudas dirixidas ao desenvolvemento rural.
- A regulación clara e precisa das marxes de beneficio en cada elo da cadea alimentaria no caso de alimentos de carácter básico, primando con iso o control da especulación desmedida nas transaccións deses produtos por riba das regras da competencia.
- Mantemento, e mesmo recuperación, de instrumentos de intervención de mercado eficaces, financiados con cargo ao orzamento comunitario, que evite importantes oscilacións na conformación dos prezos agrarios.
- A introdución de mecanismos que permitan que a configuración dos prezos dos alimentos sexa clara e transparente.
- A posta en marcha a nivel da UE de mecanismos de control sobre o comercio exterior intra-comunitario de produtos agroalimentarios destinados a impedir prácticas ilegais ou abusivas.
- No ámbito das negociacións no seo da Organización Mundial do Comercio, que se defenda por parte da Unión Europea a protección do mercado interno fronte ás importacións.

5.2.1. A defensa do sector lácteo galego.

A forte crise que está a atravesar o noso sector lácteo está moi relacionada co reparto da cota da UE contrario aos nosos intereses, así como coa recente aprobación do incremento lineal da mesma, e prácticas de “dumping” e competencia desleal.

A aprobación do “Recoñecemento Médico” da PAC introduciu reformas na regulación do sector lácteo, que avanza cara a liberalización das cotas de produción no horizonte de 2015.

O BNG pulará no Parlamento Europeo para que se arbitren políticas que permitan que as explotacións lácteas de Galiza manteñan a súa viabilidade. Para acadar este obxectivo, o BNG orientará a súa actuación en función do desenvolvemento das disposicións relativas ao sector lácteo, defendendo, seguindo dita evolución, as seguintes medidas:

- De xeito máis inmediato, o BNG defenderá no Parlamento Europeo que se reconsidere o acordo de proceder a un incremento lineal da cota para todos os Estados Membros, de xeito que o aumento da cota se dirixa unicamente a aqueles Estados que teñen unha cota moi inferior ao seu consumo interno; e nos que existen segmentos importantes de explotacións, como é o caso de Galiza, que necesitan máis cota para ser viábeis e que veñen demostrando vocación de permanencia e crecemento no sector.

- Tendo en conta que a Comisión presentará senllos informes sobre a evolución do mercado lácteo en 2010 e 2012, o BNG defenderá que se reconsidera a decisión de eliminar os mecanismos de control da produción e que se redefina o sistema de cotas no sentido de manter a asignación de dereitos de produción a nivel da UE, mais realizando unha redistribución dos mesmos entre Estados Membros, tendo en conta o balanço produción/consumo dos diferentes Estados e criterios de carácter social.
- No caso de que se avance na eliminación do sistema de cotas lácteas e se afonde na liberalización do sector, defenderemos a creación con recursos comunitarios dun Fondo Lácteo de carácter transitorio e excepcional, destinado apoiar economicamente a viabilidade das explotacións con perspectivas de continuidade, mais que poden ver lastradas as súas posibilidades de competir en función das desvantaxes comparativas que tiveron que superar pola escasa asignación de cotas de produción, especialmente no caso dos territorios cun maior grao de dependencia do sector lácteo.
- Dun xeito especialmente singular para o sector lácteo, o BNG defenderá que na OCM se manteñan mecanismos de intervención públicos no mercado que resulten eficaces para suavizar as oscilacións de mercado e evitar situacións de crise que poidan ter un forte impacto social.

5.3. O sector pesqueiro

O sector pesqueiro galego continúa, despois de 23 anos de integración formal na Unión Europea, nunha situación de discriminación, formalizada e institucionalizada na Política Común de Pesca (PCP), que couta as súas posibilidades de desenvolvemento e xeración de riqueza, e que provocou que Galiza fose o territorio europeo que perdeu máis frota e postos de traballo no mar nese período.

Ábrese agora un novo proceso de revisión da PCP. A presenza do BNG no Parlamento Europeo debe ser o garante de que a nova norma comunitaria serva para rematar con esa historia de marxinação, e de defensa dos principios básicos para a viabilidade deste sector produtivo. Para isto, o BNG defenderá no Parlamento Europeo as seguintes medidas:

- No ámbito institucional, o BNG reclamará o establecemento dun novo estatus institucional para Galiza na UE en materia pesqueira, recoñecendo formalmente o seu carácter como “Zona Altamente Dependente da Pesca”, e posibilitando a súa presenza, con dereito de decisión e obxección, nas institucións comunitarias onde se adoptan decisións en materia pesqueira.
- Defenderanse as competencias de Galiza en materia pesqueira, en ámbitos como o comercial, na determinación de tallas mínimas, artes, capacidade inspectora, ou na fixación de áreas de veda no noso litoral.
- Reclamarase a derogación do “Principio de Estabilidade Relativa”, que consagra a discriminación da nosa frota en augas comunitarias, nomeadamente no Gran Sol, e a erradicación dos privilexios que benefician a determinados Estados.
- Impulsarase o marisqueo e a acuicultura, vinculada á creación de postos de traballo, mellora da comercialización, procura de novos mercados, innovación das técnicas de cultivo, e rexeneración produtiva e ambiental do litoral.
- Defenderase a mellora e dignificación das condicións sociolaborais e retributivas dos mariñeiros/as e traballadores/as do mar, con especial atención ás tripulacións galegas embarcadas en buques pertencentes a sociedades mixtas.
- En canto aos fondos estruturais, o BNG defenderá a existencia de fondos que permitan a renovación da frota pesqueira, a súa modernización, nomeadamente na frota de baixura, para a súa consolidación e a mellora das condicións de traballo, habitabilidade e seguranza a bordo.
- Defenderase o acceso a fondos vinculados á mellora do marisqueo, saneamento, depuración, e das poboacións do litoral.
- En canto á regulación dos mercados, defenderase un escrupuloso control das importacións, especialmente ante as prácticas de “dumping” e competencia desleal cos produtos pesqueiros e marisqueiros galegos, co obxectivo de acadar a estabilidade de prezos.
- Renovación e mellora dos acordos pesqueiros vixentes: introdución de buques galegos no acordo con Marrocos, mellora do de Mauritania, asinamento de novos protocolos con Senegal, Namibia, Sudáfrica e EUA, posibilitar a

presenza galega en Grenlandia, así como mellorar as condicións de pesca en organizacións multilaterais como NAFO ou ICCAT, dotando aos mesmos de estabilidade.

5.4. Política tecnolóxica e Fondos Europeos

A Unión Europea ten asumido formalmente a importancia da política tecnolóxica. Neste sentido, desde 1984, a UE esta a desenvolver unha política de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico que se basea en programas marco plurianuais. O principal instrumento de política tecnolóxica comunitaria é o Programa Marco de I+D.

Neste contexto resulta especialmente necesario que a aplicación do principio de cohesión, como principio básico recollido no Tratado, forme parte constitutiva do deseño da política tecnolóxica comunitaria, co obxectivo de reducir as disparidades nas capacidades tecnolóxicas dos distintos territorios da Unión. Mais a experiencia das últimas décadas mostra que non se fixo así nin na UE nin dentro do Estado español.

O principio de cohesión tamén debe ser o garante de que nacións periféricas como Galiza siga a percibir Fondos Estructurais, pois trátase do único instrumento da UE que contrarresta as dinámicas de crecemento desigual que provoca o mercado común. O BNG defenderá nas estancias europeas que Galiza os xestione directamente, co obxectivo de deseñar políticas que permitan converxer cos niveis de renda media europea.

Así, o BNG defenderá as seguintes iniciativas:

- Impulso a unha política de I+D e de Innovación que incremente substancialmente o volume de recursos postos en xogo pola Comisión Europea no Programa Marco e noutros Fondos Tecnolóxicos, e que introduza criterios de cohesión territorial na súa distribución, co obxectivo de que os territorios periféricos poidan dotarse de capacidades tecnolóxicas que permitan a súa participación efectiva nos sectores de futuro.
- Reclamar a xestión autonómica dos Fondos Europeos.
- Reclamar a continuidade do Fondo Tecnolóxico para o período 2014-2020.
- Defender na Unión Europea modificacións no reparto dos Fondos de Cohesión, para que sexan destinados ás comunidades con menores niveis de renda per cápita do Estado.
- Impulso ás medidas de reforzamento das figuras financeiras de investimento en novas actividades innovadoras, como o capital risco e os “business angels”, con programas específicos para as rexións de converxencia.

6. A DEFENSA DOS DEREITOS DEMOCRÁTICOS E AS LIBERDADES PÚBLICAS

O BNG estima que o proceso de construción europea debe garantir o recoñecemento dos dereitos fundamentais e liberdades públicas recollidos nas tradicións constitucionais dos Estados membros, na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e no Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos. A pesares de que a aprobación da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, en Decembro do 2000 foi un paso adiante nesa dirección, é insuficiente.

Por outra banda, determinadas políticas impulsadas na Unión Europea, nomeadamente as de seguranza común, están a significar unha clara involución democrática, pois empregando intencionadamente como pretexto que só a seguranza pode traer liberdade, restrínxense considerabelmente as liberdades de todos cidadáns. Neste sentido, a Unión Europea tense convertido nos últimos tempos no escenario no que se deseñan políticas que limitan considerabelmente dereitos fundamentais como a liberdade de tránsito ou de reunión pacífica, e como mecanismo de lexitimación da aplicación das mesmas por parte dos Estados membros, impulsando unha transición regresiva desde o modelo de Estados sociais cara a Estados penais.

Así, o BNG impulsará unha acción no Parlamento Europeo centrada na defensa dun verdadeiro espazo europeo de liberdade e de xustiza social, que non se vexa ameazado pola lóxica securitaria que invade Europa:

- Impulsar a consideración dos dereitos sociais como dereitos fundamentais, incorporando as garantías para o seu exercicio por todos os cidadáns.
- Respecto polas diferentes opcións sexuais, avanzando na equiparación xurídica das distintas formas de convivencia estábel, e reforzando o combate de todo tipo de discriminacións por razóns de orientación sexual.
- Apostar pola práctica de políticas de tolerancia, igualdade e concienciación social fronte a todas as discriminacións raciais, étnicas, relixiosas, persoais ou sociais.
- Propoñer a reforma en profundidade do Acordo de Schengen, que actúa de instrumento lexitimador de políticas regresivas que dificultan a permanencia legal e a integración dos/as inmigrantes, así como impulsar a derogación da “Directiva de Retorno” que establece criterios comúns para a expulsión e a retención de inmigrantes ate 18 meses por decisións administrativas.
- Avanzar cara a un marco comunitario que favoreza a regularización das persoas que traballan en Europa, con independencia da súa procedencia, e o reagrupamento dos seus familiares.
- Manter as garantías para poder exercer o dereito de asilo e a asistencia aos refuxiados.
- Defensa do laicismo e a aconfesionalidade como valores comúns do conxunto das institucións da UE.

7. A APOSTA POR OUTRO MODELO DE COHESIÓN TERRITORIAL, MEDIO AMBIENTAL E ENERXÉTICO

7.1 Cohesión territorial

O deseño das políticas de cohesión territorial desde as instancias comunitarias non teñen en conta aos pobos e nacións europeas, dende o deseño da política de transportes e redes transeuropeas que nos discrimina tanto no que atinxe ao seu financiamento como á priorización das redes de transporte que conectan co centro de Europa e da intensificación do orzamento nas grandes aglomeracións metropolitanas europeas.

O BNG defenderá no Parlamento Europeo, unha política de desenvolvemento territorial europea que teña en conta a condición periférica de Galiza e a escaseza de conexións coas redes transeuropeas de transporte –por estrada, ferroviarias e marítimas dos noso portos–, e impulsará:

- A adopción dunha política de transportes que promova os transportes públicos e as conexións ferroviarias de alta velocidade e de cercanías, con conexións aéreas directas da Galiza co resto da UE.
- O impulso das autoestradas do mar que conecten os portos de interese xeral galegos cos portos europeos.
- O fomento da interconexión dos distintos modos de transporte para garantir un servizo máis accesíbel en todo o territorio europeo.

7.2. Medio ambiente e enerxía

Ao longo do proceso de conformación da Unión Europea, adoptáronse múltiples iniciativas comunitarias no eido da protección do medio ambiente, co obxectivo de harmonizar o crecemento económico coa utilización e protección dos recursos naturais.

Mais en realidade, a protección ambiental nunca foi un elemento central do proxecto da Unión Europea, senón que ocupou un lugar subordinado ás políticas baseadas na construción dun mercado único cada vez máis extenso.

Así, as diversas iniciativas adoptadas en materia de protección ambiental a nivel europeo tiveron a súa orixe en graves agresións medioambientais, cuxo impacto na opinión pública fixo reaccionar aos responsábeis comunitarios, e non nunha auténtica política que tivera na preservación do medio ambiente un dos seus valores superiores.

Por iso, o BNG avogará por incrementar o compromiso da Unión Europea coa protección do medio ambiente, pulando por un desenvolvemento sustentábel que non secundarice a política ambiental á económica senón procure a satisfacción das necesidades presentes sen comprometermos a dispoñibilidade de recursos para as xeracións futuras. O BNG defenderá un modelo de desenvolvemento respectuoso co medio ambiente, que impulse o cambio de modelo enerxético, free a especulación urbanística e a degradación medio ambiental, para o cal impulsaremos as seguintes medidas:

- Integrar a protección ambiental en todas as políticas sectoriais relevantes, e en particular, transporte, enerxía, urbanismo, pesca, agricultura e desenvolvemento rexional.
- Continuar avanzando na implantación dun réxime de responsabilidade obxectiva e ilimitada no caso de catástrofes ecolóxicas e danos ao medio ambiente que abrangan todo tipo de sinistros: vertidos por hidrocarburos, enerxía atómica, contaminación atmosférica, etc.
- Impulso ao un sistema de transporte e mobilidade baseado nos medios menos contaminantes como son o transporte marítimo, ferroviario e, en xeral, o transporte público.
- Adoptar unha política preventiva respecto dos organismos modificados xeneticamente, aplicando de xeito estrito o principio de precaución para evitar o cultivo e comercialización dos mesmos mentres non haxa total garantía de inocuidade para a saúde humana e o medio ambiente.
- Reclamar o incremento do orzamento comunitario destinado á xestión das redes de conservación da natureza e hábitats singulares, en especial a Rede Natura 2000.
- Aplicación estrita da normativa medio ambiental comunitaria para impedir a degradación medio ambiental en zonas da costa e interior galego, e o artellamento dun sistema efectivo de control da aplicación desa normativa.
- Aposta por un cambio de modelo enerxético, baseado na soberanía enerxética dos pobos e nas enerxías renovábeis. Neste eido, pularemos por acadar e mesmo superar os obxectivos marcados pola Unión Europea de cara ao 2020 de aforro enerxético, redución de emisións contaminantes e aposta polo fomento e utilización de fontes de enerxía renovábel (20-20-20).

8. UNHA POLÍTICA INTERNACIONAL MULTILATERAL E SOLIDARIA

O BNG defende unha política internacional para a Unión Europea baseada na paz e na solidariedade cos pobos e as xentes que se atopan na pobreza e na miseria. Para o nacionalismo as relacións internacionais deben fundamentarse na xustiza e na cooperación no desenvolvemento dos que teñen menos recursos.

Estes principios de actuación na política internacional están frontalmente en contra do atlantismo en canto que ferramenta dos Estados Unidos para dar lexitimidade e apoio á súa dominación imperialista, baixo doutrinas como as guerras preventivas, sen esquecermos os ataques ao suposto terrorismo internacional baixo o amparo ou a desidia das Nacións Unidas. Na actualidade, a ONU está subordinada aos Estados Unidos e non existe unha política de defensa propia da UE.

Xa que logo, é preciso que a UE defina e poña en práctica unha política internacional propia que corresponda co seu peso no mundo. Esta política debe orientarse ao fortalecemento da ONU, para que desempeñe o papel para o que foi creada, como freo á política militarista, respectando a soberanía das nacións e sexa quen de mediar nos conflitos, restablecer a paz e a democracia sen botar man de agresións de tipo bélico e imperialista.

O BNG no Parlamento Europeo comprométese a:

- Defender activamente o exercicio dos dereitos humanos, da igualdade entre os pobos, da loita contra toda discriminación, racial, étnica ou social, que favoreza a integración dos e das inmigrantes, e regule e garanta o dereito de asilo.
- Impulsar políticas baseadas na soberanía dos pobos e contrarias á marxinação, á xerarquización desigual e agresiva, e ao imperialismo, e pular polo desenvolvemento dos sectores produtivos autóctonos, polo comercio internacional fundamentado en xustas relacións de intercambio, e polo combate da pobreza e a redistribución da riqueza.
- Promover a cooperación co desenvolvemento dos países máis pobres, das xentes marxinas e excluídas, baseada en relacións de xustiza e solidariedade.
- Propoñer na UE novas regras comerciais que aseguren que os acordos comerciais, tanto bilaterais como multilaterais, beneficien as poboacións dos países pobres, faciliten o acceso dos seus produtos aos nosos mercados e eviten que a liberalización comercial indiscriminada poida deteriorar a realidade social, económica e ambiental dos países máis vulnerábeis.
- Propugnar a construción dunha sociedade máis xusta e segura, non só en Europa, senón no contexto das relacións internacionais co obxectivo de garantir un mundo máis pacífico e estábel.
- Defender unha política de paz que renuncie explicitamente á guerra preventiva e a calquera agresión militar que conculque a carta fundacional de Nacións Unidas.
- Apoiar a reformulación das relacións internacionais entendidas como relacións de poder para as que os fins xustifican os medios. Neste sentido é prioritario para o BNG que a UE impulse un modelo afastado do imperialismo militante da OTAN.
- Rexeitar as inxerencias e ocupacións militares doutros países, e polo tanto, esixir a retirada inmediata dos exércitos dos Estados Membros de países ocupados como Iraq ou Afganistan.
- Apoiar ao pobo palestino ante as continuas agresións de Israel, impulsar a axuda financeira á Autoridade Nacional Palestina e a consecución dun Estado Palestino.



www.bng-galiza.org

